

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DA RÚA PURO CORA”, INCLUÍDA NO PROXECTO “PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E RESTAURACIÓN INTEGRAL DO PARQUE HISTÓRICO ROSALÍA DE CASTRO-10FEESL01.

Sendo as 14.00 horas do día 7 de maio de 2010, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Dona Cristina Ares Castro-Conde, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretaria.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte da Sra. Secretaria a informar que a documentación administrativa presentada polas tres empresas licitadoras considerouse correcta, e na súa consecuencia procede á apertura dos sobres B, relativos ás ofertas económicas, sendo o seu detalle o seguinte:

- OGASA VIALES DE LUGO, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 186.500 euros, IVE incluído, correspondendo desa cantidade 25.724,14 € ó IVE do 16 %, comprometéndose a empregar a 4 traballadores, dos cales 0 serán novos traballadores en situación de desemprego, conforme ó artigo 17 e disposición adicional primeira do Real Decreto Lei 13/2009.
- CANALUGO, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 186.729,61 euros, IVE incluído, correspondendo desa cantidade 25.755,81 € ó IVE do 16 %, comprometéndose a empregar a 3 traballadores, dos cales 0 serán novos traballadores en situación de desemprego, conforme ó artigo 17 e disposición adicional primeira do Real Decreto Lei 13/2009.
- ASOGAL CONSTRUCCIONES LUGO, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 184.367,14 euros, IVE incluído, correspondendo desa cantidade 25.429,95 € ó IVE do 16 %, comprometéndose a empregar a 5 traballadores, dos



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: ACTA APERTURA OFERTAS ECONOMICAS PURO CORA

Asunto:

cales 1 será novo traballador en situación de desemprego, conforme ó artigo 17 e disposición adicional primeira do Real Decreto Lei 13/2009.

Tras un examen completo das ofertas, os integrantes da mesa, acordan propoñer a adxudicación das referidas obras á empresa ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L., ó ser a máis vantaxosa para o Concello.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:10 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabares Martínez



MURALLA
patrimonio da humanidade